




sushi  
books

# CATÁLOGO 2025

avanzado

1º e 2º de ESO



*A rosa falsa*


**Jakob Wegelius**

Ilustracións en branco e negro de **Jakob Wegelius**

“Pedíume que escriba todo o que sei sobre o home a quen chamaban Shetland Jack. Fareino. Voulle relatar a súa dura vida. E desvelareille a terrible verdade sobre a súa violenta morte. Pero a historia de Shetland Jack non acabou coa súa morte. E a historia de Jack converteuse en parte da miña propia historia. Tamén debo escribir sobre isto, aínda que sexa difícil para min”.

#Ficción #Viaxes #Amizade #Intriga #Animais  
#Secuela #Aventuras

ISBN: 978-84-16884-45-2 | Páxinas: 528 | Formato:  
142 x 183 mm | Cartoné | PVP: 24 €



*O mono do asasino*

**Jakob Wegelius**


Ilustracións en branco e negro de **Jakob Wegelius**

É de noite no porto de Lisboa. Baixo o brillo dos farois un home corre para salvar a súa vida. Chámase Afonso Morro e garda un segredo que persoas poderosas queren protexer a calquera prezo. Axiña corre a noticia de que se cometeu un asasinato. Pero tamén se difunde outro rumor máis espantoso; entre as ruelas e os recunchos do barrio portuario agóchase o mono do asasino.

#Ficción #Aventuras #Viaxes #Amizade #Intriga  
#Animais #Premio do Consello Nórdico

ISBN: 978-84-16884-68-1 | Páxinas: 624 | Formato:  
142 x 183 mm | Rústica con pelapas | PVP: 24 €

O autor sueco recupera o espírito das novelas de aventuras con Sally Jones




*O Famoso Catálogo Walker & Dawn*  
 **Davide Morosinotto**

Te Trois, Eddie, Tit e Julie comparten un catálogo de venda por correspondencia, tres dólares e o desexo de descubrir o mundo. Cando no canto do revólver que encargan chega un vello reloxo que non funciona, parten cara a Chicago para cambialo. Na súa viaxe nun barco de vapor polo Mississippi e nun tren de mercancías atoparán caloteiros profesionais, policías corruptos, xente boa que resulta non ser tal... por non falar dun crime sen resolver e de moitos, moitos cartos!

#Aventuras #Suspense #Viaxes #Amizade #TomSawyer

ISBN: 978-84-16884-31-5 | Páxinas: 324 | Formato: 140 x 215 mm | Rústica con lapelas | PVP: 17 €



*A cegadora luz de dúas estrelas vermellas*  
 **Davide Morosinotto**

Leningrado, 1941. Os xemelgos Víktor e Nadia teñen doce anos cando a Alemaña de Hitler lle declara a guerra á URSS. En poucos días os nenos da cidade son evacuados en trens especiais para poñelos a salvo. Porén, Víktor e Nadia acaban por erro en trens distintos. Ambos comezan a escribir nos seus cadernos o que sucede a medida que avanza o inimigo: o xélido inverno, a fame, as bombas... pero tamén a calor da amizade e a forza da esperanza.

#Aventuras #Suspense #Viaxes #Amizade #Historia

ISBN: 978-84-16884-55-1 | Páxinas: 432 | Formato: 140 x 215 mm | Rústica con lapelas | PVP: 19.90 €




*A rapaza de tinta e estrelas*  
 **Kiran Millwood Hargrave**

Isabel ten prohibido saír da illa de Joya, pero soña con terras afastadas que o seu pai, un célebre cartógrafo, debuxara en mapas. Cando a súa mellor amiga desaparece, participa na súa busca. Guiada por un mapa antigo e polo seu coñecemento das estrelas, Isabel navega polos perigosos Territorios Esquecidos da illa. Pero baixo os ríos secos e os bosques mortos, un demo de lume esperta do seu soño.

#Ficción #Fantasía #Amizade #Mitos

ISBN: 978-84-16884-19-3 | Páxinas: 210 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €





*Os contos de terror do tío Montague*  
**Chris Priestley**

Ilustracións en branco e negro de **David Roberts**

O tío de Edgar vive nunha casa alén do bosque. Edgar está seguro de que os nenos da aldea o vixían dende detrás das árbores cando pasa, pero está decidido a agochar o seu medo. Un día, o tío de Edgar fascinao cunha serie de contos arrepiantes, e hai probas de que todos eles aconteceron en verdade.

#Ficción #Relatos #Terror

ISBN: 978-84-15920-84-7 | Páxinas: 180 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 14 €


*Todos teríamos que ser feministas*  
**Chimamanda Ngozi Adichie**

“O problema cos roles de xénero é que prescribe como teríamos que ser, no canto de recoñecer como somos. Imaxínade canto máis felices seríamos, canto máis libres de ser quen somos en realidade, se non soportásemos a carga das expectativas de xénero.”

Chimamanda Ngozi Adichie demostra neste elocuente e perspicaz texto que ser feminista non é cousa só de mulleres.

#Ensaio #Feminismo #Educación #Xénero #Liberdade

ISBN: 978-84-15920-99-1 | Páxinas: 56 | Formato: 110 x 160 mm | Rústica con lapelas | PVP: 6 €



*Contos para nenos peculiares*  
**Ransom Riggs**


Ilustracións en branco e negro de **Andrew Davidson**

O libro que tes nas mans está destinado só a ollos peculiares. Se por casualidade non te contas entre as filas dos seres extraordinarios (noutras palabras, se non che brotan chamas das palmas das mans en momentos inoportunos nin mastigas a comida coa túa boca posterior), por favor, devolve este libro de inmediato ó lugar onde o atopaches.


#Ficción #Misterio #Fantasía #Relatos

ISBN: 978-84-16884-15-5 | Páxinas: 230 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 17 €





## AS APAIXONANTES MEMORIAS DO AUTOR DE *CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE*




### *Boy (Relatos de infancia)* Roald Dahl

Ilustracións en branco e negro de **Quentin Blake**

Nos días mozos na escola, e nada máis saír dela, a Roald Dahl sucedéronlle unhas cantas cousas que xamais esquecería. Ningunha delas é importante, pero todas causaron unha grande impresión no autor e quedaron gravadas na súa memoria. Algunhas son divertidas. Outras son dolorosas. Outras, desagradables. Todas son verdade.

#Autobiografía #Infancia #Falcatruadas #Humor

ISBN: 978-84-15920-53-3 | Páxinas: 174 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 14 €



### *Voando só* Roald Dahl


Ilustracións en branco e negro de **Quentin Blake**

A primeira parte deste libro retoma a autobiografía de Roald Dahl iniciada en *Boy (Relatos de infancia)*. Comeza coa viaxe á África oriental para desempeñar o seu primeiro traballo na petroleira Shell. A segunda parte do libro trata do tempo que estivo voando coa RAF, as forzas aéreas do exército británico, durante a Segunda Guerra Mundial, con acontecementos fascinantes.

#Autobiografía #Historia #África #Aventuras #Humor

ISBN: 978-84-15920-54-0 | Páxinas: 216 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 14 €





### *A pantasma de Canterville*

**Oscar Wilde**

Unha familia americana múdase ó castelo de Canterville, un lugar que, como todo o mundo sabe, está encantado. A pantasma dun nobre inglés deambula polo castelo e trata de facerlles a vida imposible ós seus novos habitantes. Porén, os estadounidenses, lonxe de asustarse, converten o espírito en vítima das súas bromas, nunha historia que mestura o macabro co humor.

#Clásicos #Humor #Pantasma #Sobrenatural

ISBN: 978-84-16884-37-7 | Páxinas: 80 | Formato: 110 x 180 mm | Rústica con lapelas | PVP: 11 €



### *O libro da selva*

**Rudyard Kipling**

Unha manda de lobos protexe a Mowgli cando este apenas sabe camiñar. O pequeno aprenderá as leis que rexen a vida na selva da man de Baloo, un vello oso pardo que tamén lle ensina o valor da amizade.

Este libro recolle unha serie de historias ambientadas na selva india, protagonizadas por animais e das que se desprenden ensinanzas para a vida.

#Ficción #Clásicos #Animais #Amizade

ISBN: 978-84-15920-32-8 | Páxinas: 180 | Formato: 140 x 210 mm | Flexibook | PVP: 16 €

### *O xardín secreto*

**Frances Hodgson Burnett**

Mary Lennox é unha rapaza de dez anos que vive na India. Tras a morte dos seus pais, vese obrigada a mudarse á imponente mansión do seu tío en Yorkshire, Inglaterra. Ante tantos cambios, atopa refuxio no máxico e misterioso xardín do seu novo fogar. Máis dun século despois, as aventuras d'*O xardín secreto* continúan engaiolando lectores de todas as idades. Edición anotada e con ilustracións a cor e branco e negro.

#Ficción #Clásicos #Amizade #Natureza

ISBN: 978-84-16884-56-8 | Páxinas: 260 | Formato: 160 x 230 mm | Rústica con lapelas | PVP: 22 €





*Petiscos+. Máis alá da lectura*

Neste caderno atoparás petiscos dunha ducia de historias cun bo aderezo que che abrirá o apetito para ir máis alá das lecturas: xogos, reflexións, pasatempos, recomendacións...


Nunca unha merenda deu para tanto!

#Lectura #Aventuras #Secundaria #Bacharelato  
#Natureza #Fantasía #Diversidade #Libros #Cine

ISBN: 978-84-16884-50-6 | Páxinas: 80 |


Formato: 190 x 240 mm | Rústica | PVP: 10 €

Algunhas lecturas incluídas



Máis na seguinte páxina





*O curioso incidente do can á medianoite*  
**Mark Haddon**

Christopher Boone ten quince anos, é un experto en ciencias e matemáticas, sabe as capitais de todos os países do mundo e os números primos ata o 7.507, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas. Unha noite atopa a Wellington, o can da veciña, atravesado por unha forza de xardín, e decide comezar unha investigación para descubrir o asasino.

#Ficción #Intriga #Humor #Autismo

ISBN: 978-84-15920-12-0 | Páxinas: 284 | Formato: 135 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 18 €



*O libro do verán*  
**Tove Jansson**

Ilustracións en branco e negro de **Tove Jansson**

Sophia e a súa avoa octoxenaria teñen unha relación estreita e intensa que se desenvolve durante varios veráns nunha illa salvaxe do golfo de Finlandia. Con elas reflexionaremos sobre o mar, a luz e os animais, exploraremos a illa e escoitaremos as historias que inventan para explicar os misterios da natureza.

#Ficción #Familia #Mulleres #Vellez #Infancia

ISBN: 978-84-16884-12-4 | Páxinas: 156 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 15 €



*O paxaro burlón*  
**Gerald Durrell**

A illa de Zenkali está a piques de iniciar as celebracións pola independencia de Gran Bretaña, pero sómese no caos cando se descobre que un dos seus símbolos, o sagrado paxaro burlón, non está extinto. A descuberta nun val remoto dun pequeno reduto de paxaros burlóns ameaza o proxecto de construción dunha presa e dun aeródromo, e obrigará os responsables de Zenkali a elixir entre o "progreso" e a defensa da natureza.

#Ficción #Animais #Aventuras #Ecoloxismo #Natureza

ISBN: 978-84-16884-54-4 | Páxinas: 230 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 18 €

## *A miña familia e outros animais*

**Gerald Durrell**

“Este é o relato dos cinco anos que a miña familia e mais eu pasamos na illa grega de Corfú. Nun principio estaba previsto que fose unha descrición lixeiramente nostálxica da historia natural da illa, pero cometín o grave erro de presentar a miña familia nas primeiras páxinas do libro. Unha vez plasmados sobre o papel, procederon a poñerse cómodos e mesmo invitaron uns amigos a compartir os capítulos”

#Clásicos #Natureza #Humor #Grecia

ISBN: 978-84-15920-91-5 | Páxinas: 334 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 18 €




## *Bechos e demais parentes*

**Gerald Durrell**

Bechos e demais parentes continúa as aventuras da familia Durrell na illa grega de Corfú, iniciadas n' *A miña familia e outros animais*. Gerry observa con igual desconcerto a fauna da illa e os membros da súa familia, composta pola súa nai viúva e os seus tres irmáns, e describe coa mesma fascinación o comportamento animal e as anécdotas que se suceden entre uns seres supostamente racionais.

#Clásicos #Natureza #Humor #Grecia

ISBN: 978-84-15920-92-2 | Páxinas: 266 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 17 €



## *O xardín dos deuses*

**Gerald Durrell**

“Este é o terceiro libro que escribo sobre unha estancia de toda a miña familia na illa de Corfú, antes da última guerra mundial. (...) Permítaseme sinalar que naqueles tempos eramos relativamente podentes, ricos sen ningunha dúbida para o nivel de Grecia; ningún de nós traballaba no sentido habitual da palabra, e polo tanto dedicabamos a maior parte do tempo a pasalo ben. En cinco anos de semellante réxime, calquera pode acumular moitas experiencias.”

#Clásicos #Natureza #Humor #Grecia

ISBN: 978-84-15920-93-9 | Páxinas: 218 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €







*Homero, Ilíada*  
**Alessandro Baricco**

A *Ilíada*, un dos piares da literatura universal, recolle os derradeiros acontecementos da guerra de Troia. Nesta versión, o escritor italiano Alessandro Baricco reelabora o texto para facelo máis áxil e próximo ó público de hoxe, que poderá acceder nunha clave actual ós dilemas sobre os que escribiu Homero hai case tres mil anos e que seguen vixentes: o amor e o odio, a vinganza e o perdón, a relación entre o humano e o divino...

#Clásicos #Grecia #Guerra #Deuses #Amor

ISBN: 978-84-16884-86-5 | Páxinas: 178 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €

*Emma (especialmente anotada e prologada para o público xuvenil)*

**Jane Austen**

Introdución e notas de Ana Bulnes Fraga, Raquel C. Pico e María Ramos Domínguez

Ilustracións en branco e negro de Eva Fandiño

Emma Woodhouse é unha mestra xuntando medias laranxas... ou iso pensa ela. Nada lle gusta máis que entremeterse na vida dos demais, aínda que non o fai con mala intención: o único que quere é axudarlles a atopar o amor verdadeiro. Pero as súas boas ideas só darán lugar a unha serie de equívocos divertidos. Unha deliciosa comedia romántica publicada moito antes de que se inventase o xénero, e que agora presentamos nunha edición anotada especialmente para o público xuvenil actual.

#Amizade #Amor #Clásicos #Familia #Ficción #Humor

ISBN: 978-84-16884-72-8 | Páxinas: 468 | Formato: 163 x 234 mm | Rústica con lapelas | PVP: 28 €



*Lisístrata*  
**Aristófanes**

Na Antiga Grecia, atenienses e espartanos levan anos enfrontados nunha cruenta guerra que non parece ter fin. Fartas de tanta violencia, inxustiza e soidade, as mulleres, lideradas pola afouta Lisístrata, deciden tomar as rendas da situación e inician unha folga sexual para conseguir a paz. Esta atrevida e irreverente comedia de Aristófanes que convida a facer o humor e non a guerra leva máis de dous mil anos facendo rir o público.

#Teatro #Clásicos #Grecia #Sexo #Guerra #Mulleres

ISBN: 978-84-16884-87-2 | Páxinas: 108 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 14 €




## *Oh, capitán! Poemas de Walt Whitman para a xente do instituto*

Esta antoloxía agrupa máis de trinta poemas representativos de Walt Whitman, tanto no tocante á temática coma ó tratamento, e que poden resultar de interese para a mocidade. O poeta interpelaravos e verédesvos na obriga de darlle unha resposta, pero o esforzo pagará a pena.

#Poesía #LGBT+ #Adolescencia #PoesíaClásica

ISBN: 978-84-16884-43-8 | Páxinas: 102 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 12 €



## POESÍA PARA A MOCIDADE




## *Coraxe: poemas audaces para rapazas afoutas*

“O mundo que habitarán e contribuirán a crear as adolescentes non podemos controlalo. Mais se puidésemos darlles un amuleto para que o levasen no peto, ese amuleto sería a coraxe. E por iso, no canto dunha espada –ou dunha estrada de ladrillos amarelos–, dámoslles un libro.”

Esta escolma de poemas dalgunhas das poetas máis potentes do panorama actual pretende ser unha despensa sen fondo da que extraer a ración exacta de coraxe a vida lles pida a cada momento.

#Poesía #Feminismo #Amor #Amizade #Adolescencia

ISBN: 978-84-16884-33-9 | Páxinas: 188 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €



## *Campo de plumas. Poemas LGBT+ para a mocidade dende a Antigüidade ata hoxe*

Dende Safo a Mary Jean Chan, gran cantidade de poetas compuxeron ó longo do tempo versos que daban conta de diversas identidades e orientacións sexuais. En *Campo de plumas*, Jesús Castro Yáñez escolle algúns deles e dálles forma en galego, con gran coidado e sensibilidade. Nesta escolma os poemas manteñen unha relación fluída e natural entre si e dialogan coa mocidade de hoxe.

#Poesía #LGBT+ #Amor #Sexualidade #Adolescencia #Xénero #PoesíaActual #PoesíaClásica

ISBN: 978-84-16884-42-1 | Páxinas: 184 | Formato: 150 x 220 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €



## MULLERES AO PODER



### *Hshouma*

**Zainab Fasiki**

No meu país, en Marrocos, é *hshouma* discutir sobre certos temas, principalmente sobre a sexualidade e o corpo, e aínda máis querer vivilos. Estas prohibicións, afirmadas polo islam e reforzadas polas leis, xeraron moitos males na miña sociedade, como a frustración e a violencia. Por desgraza, e aínda hoxe, moitos marroquíis seguen convencidos de que a prohibición permite manter a paz social... Mais, onde está esta paz?

#Ilustración #Feminismo #Sexualidade #Xénero #Marrocos

ISBN: 978-84-16884-38-4 | Páxinas: 112 | Formato: 170 x 240 mm | Rústica con lapelas | PVP: 19 €



### *A casa de Mango Street*

**Sandra Cisneros**

A través dunha serie de contos conectados entre si, A casa de Mango Street narra o despertar á adolescencia dunha nena que vive nun humilde barrio hispano de Chicago. Esperanza sente que non pertence ó mundo que a arrodea, e soña con poder ser a dona da súa vida e do seu futuro. Considerada xa un clásico da novela de aprendizaxe, expón temas coma a inmigración, a pobreza, o machismo, ou a desigualdade entre os sexos.

#Ficción #Relatos #Adolescencia #Xénero

ISBN: 978-84-15920-33-5 | Páxinas: 104 | Formato: 135 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 14 €



### *Anne, a de Tellas Verdes*

**L. M. Montgomery**

Matthew e Marilla Cuthbert, irmáns de mediana idade, pretenden adoptar un neno que os axude coa granxa. Por equivocación reciben a Anne Shirley, unha orfa fraca e rubia de once anos, chea de enerxía e vitalidade, que deixará unha pegada imborrable ó seu redor, grazas á súa vívida imaxinación e constante charla. Anne, a de Tellas Verdes é un clásico literario do século xx para todas as idades, levado á pantalla en varias ocasións.

#Clásicos #Familia #Amor #Amizade #Adolescencia #Natureza #Feminismo

ISBN: 978-84-16884-34-6 | Páxinas: 340 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 18 €

## CONTRA OS ROLES DE XÉNERO



### *As rapazas non saben pegar*

**T. S. Easton**

Fleur ten dezaseis anos, dous bos amigos (Blossom e Pip) e un mozo maior ca ela, que os seus pais adoran. Un día proba as clases de boxeo só por retar o club, que non permite que as rapazas adestren cos rapaces.

Inesperadamente Fleur atopará non só unha nova afección, senón unha nova forma de vida que a transformará e que preocupará a súa sobreprotectora nai.

#Ficción #Humor #Xénero #Bullying #Deportes

ISBN: 978-84-16884-41-4 | Páxinas: 298 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 17 €



### *Os rapaces non calcetan*

**T. S. Easton**

Ós seus 17 anos, Ben Fletcher vese obrigado a ofrecer servizos para a comunidade logo dun desafortunado incidente. Deste xeito, Ben descubrirá unha afección que o levará polo bo camiño. A profesora que lle gusta dirixe un club de calceta, así que Ben se inscribe de mala gana nesta actividade. O mozo descobre a súa paixón por tecer e intenta mantela en segredo ante os seus compañeiros, mentres a rapaza dos seus sonhos lle revela os seus sentimentos.

#Ficción #Humor #Xénero #Bullying

ISBN: 978-84-16884-20-9 | Páxinas: 278 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 17 €





*As aventuras de Huckleberry Finn*  
**Mark Twain**

Huckleberry Finn e o seu amigo Jim foxen polo río Mississippi cara ós estados libres, onde non existe a escravitude. Porén, a viaxe estará chea de atrancos: dende asasinos ata caloteiros que porán en perigo a súa aventura.

*#Ficción #Clásicos #Aventuras #Amizade #Igualdade*


ISBN: 978-84-16884-41-4 | Páxinas: 298 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 17 €

*A flor perdida do xamán de K*  
**Davide Morosinotto**

Perú, 1986. Cando Laila ingresa na clínica neurolóxica de Lima non pasa desapercibida: a filla dun diplomático finlandés e o seu cabelo moi louro intrigan os xoves pacientes do Departamento de Pediatría. Especialmente a El Rato. Os dous atopan accidentalmente un estraño diario, escrito en 1941, e quedan fascinados polo debuxo dunha flor rara utilizada polos xamáns da tribo de K., que ten un gran poder curativo, e que deciden ir buscar.

*#Ficción #Aventuras #Amizade #Maxia #Saúde*


ISBN: 978-84-16884-74-2 | Páxinas: 448 | Formato: 140 x 215 mm | Rústica con lapelas | PVP: 25 €



*As aventuras de Huckleberry Finn*  
*(edición ilustrada)*

Ilustracións en branco e negro de **Edward W. Kemble**  
ISBN: 978-84-16884-71-1 | Páxinas: 312 | Formato: 163 x 234 mm | Rústica con lapelas | PVP: 24 €





*Un puñado de estrelas*  
**Rafik Schami**

Un mozo de Damasco escribe o seu diario persoal, no que recolle non só as súas vivencias no paso da infancia ó mundo adulto, senón tamén a vida da súa cidade, na que conviven diferentes culturas e na que se dan situacións moi inxustas. O protagonista ten que abandonar a escola para traballar na panadería do seu pai, e decide fundar cos seus amigos un xornal clandestino no que denunciar as desigualdades que afogaban o pobo sirio nos anos oitenta.

#Ficción #Adolescencia #Censura #Diario #Xustiza

ISBN: 978-84-16884-13-1 | Páxinas: 224 | Formato: 140 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €



*Un de nós mente*  
**Karen M. McManus**

Dos cinco estudantes castigados nunha aula dun instituto, só catro saen con vida. Todos os superviventes teñen algo que agochar: Bronwyn, a alumna brillante; Addy, a loura superficial; Nate, o traficante a pequena escala; e Cooper, o atleta. Simon, que desenvolveu unha app para móbiles na que divulga rumores sobre os seus compañeiros, morre na aula. Os catro superviventes son sospeitosos. Ou talvez só sexan cabezas de turco...

#Ficción #Intriga #Crime #Bullying #Adolescentes

ISBN: 978-84-16884-22-3 | Páxinas: 322 | Formato: 150 x 220 mm | Rústica con lapelas | PVP: 18 €


INTRIQA

*Botchan*  
**Natsume Soseki**

Botchan é un mestre criado en Toquio que vai traballar a un afastado colexio de provincias. Alí converterase en vítima das falcatruadas dos seus alumnos e das manobras dos seus colegas. A obra presenta unha galería de personaxes singulares, e mestura o grotesco co sarcástico cun estilo persoal e sorprendente. Botchan é tan famoso na literatura xaponesa como Tom Sawyer na norteamericana.

#Ficción #Clásicos #Xapón #Humor #Falcatruadas

ISBN: 978-84-15920-86-1 | Páxinas: 178 | Formato: 130 x 210 mm | Rústica con lapelas | PVP: 16 €



CLÁSICO






Sushi Books é un selo de Rinoceronte Editora S.L.U. Podes atopar os Sushi Books en librarías de toda Galicia grazas a UDL Libros. Tamén os podes mercar na nosa web, e mandámoschos á casa.

Avenida de Lugo, 15  
CP 36940 Cangas do Morrazo  
Teléfono: 986 16 80 28  
Enderezo electrónico: [falame@sushibooks.es](mailto:falame@sushibooks.es)



sushi  
books



## *O Señor dos Aneis*

**J. R. R. Tolkien**

Ilustracións en branco e negro de **J. R. R. Tolkien**

O hobbit Frodo viaxa para destruír o Anel Único e o inimigo provocará unha guerra para recuperalo, xa que é a principal fonte de poder do señor escuro Sauron. Ambientada na Terra Media, habitada por elfos, hobbits, ananos e humanos, *O Señor dos Aneis* é a historia do heroe do pobo que, aínda sabendo que o seu destino pode ser fatal, loita por cumprilo.

#Ficción #Fantasía #Edición limitada

ISBN: 978-84-16884-97-1 | Páxinas: 892 | Formato:  
170 x 240 mm | Cartoné, tea, estampación ouro |  
PVP: 53 €

[www.sushibooks.es](http://www.sushibooks.es)